



Mensaxe da Súa Maxestade o Rei

03/10/2017

Boas noites,

Estamos a vivir momentos moi graves para a nosa vida democrática. E nestas circunstancias, quero dirixirme directamente a todos os españois. Todos fomos testemuñas dos feitos que se foron producindo en Cataluña, coa pretensión final da Generalitat de que sexa proclamada –ilegalmente– a independencia de Cataluña.

Dende hai xa tempo, determinadas autoridades de Cataluña, dun xeito reiterado, consciente e deliberado, viñeron incumprindo a Constitución e o seu Estatuto de autonomía, que é a Lei que recoñece, protexe e ampara as súas institucións históricas e o seu autogoberno.

Coas súas decisións vulneraron de xeito sistemático as normas aprobadas legal e lexitimamente, demostrando unha deslealdade inadmisíbel cara aos poderes do Estado. Un Estado ao que, precisamente, esas autoridades representan en Cataluña.

Quebrantaron os principios democráticos de todo Estado de Dereito e socavaron a harmonía e a convivencia na propia sociedade catalá, chegando desgraciadamente a dividila. Hoxe a sociedade catalá está fracturada e enfrontada. Esas autoridades menosprezaron os afectos e os sentimentos de solidariedade que uniron e unirán o conxunto dos españois; e coa súa conduta irresponsable mesmo poden poñer en risco a estabilidade económica e social de Cataluña e de toda España.

En definitiva, todo iso supuxo a culminación dun inaceptable intento de apropiación das institucións históricas de Cataluña. Esas autoridades, dun xeito claro e rotundo, situáronse totalmente á marxe do dereito e da democracia. Pretenderon quebrar a unidade de España e a soberanía nacional, que é o dereito de todos os españois a decidir democraticamente a súa vida en común.

Por todo iso e ante esta situación de extrema gravidade, que require o firme compromiso de todos cos intereses xerais, é responsabilidade dos lexítimos poderes do Estado asegurar a orde constitucional e o normal funcionamento das institucións, a vixencia do Estado de Dereito e o autogoberno de Cataluña, baseado na Constitución e no seu Estatuto de autonomía.

Hoxe quero, ademais, transmitir varias mensaxes a todos os españois, particularmente aos cataláns.

Aos cidadáns de Cataluña –a todos– quero reiterarlles que dende hai décadas vivimos nun Estado democrático que ofrece as vías constitucionais para que calquera persoa poida defender as súas ideas dentro do respecto á lei. Porque, como todos sabemos, sen ese respecto non hai convivencia democrática posible en paz e liberdade, nin en Cataluña, nin no resto de España, nin en ningún lugar do mundo. Na España constitucional e democrática, saben ben que teñen un espazo de concordia e de encontro con todos os seus concidadáns.

Sei moi ben que en Cataluña tamén hai moita preocupación e grande inquietude coa conduta das autoridades autonómicas. Aos que así o senten, dígolles que non están sós, nin o estarán; que teñen todo o apoio e a solidariedade do resto dos españois, e a garantía absoluta do noso Estado de Dereito na defensa da súa liberdade e dos seus dereitos.

E ao conxunto dos españois, que viven con desasosego e tristura estes acontecementos, transmítoles unha mensaxe de tranquilidade, de confianza e, tamén, de esperanza.

Son momentos difíciles, pero superarémolos. Son momentos moi complexos, pero sairemos adiante. Porque cremos no noso país e nos sentimos orgullosos do que somos. Porque os nosos principios democráticos son fortes, son sólidos. E sono porque están baseados no desexo de millóns e millóns de españois de convivir en paz e en liberdade. Así fomos construíndo a España das últimas décadas. E así debemos seguir ese camiño, con serenidade e con determinación. Nese camiño, nesa España mellor que todos desexamos, estará tamén Cataluña.

Remato xa estas palabras, dirixidas a todo o pobo español, para subliñar unha vez máis o firme compromiso da Coroa coa Constitución e coa democracia, a miña entrega ao entendemento e a concordia entre españois, e o meu compromiso como Rei coa unidade e a permanencia de España.